

Festas da Xunqueira en Cee



Procesión da Virxe da Xunqueira polas rúas de Cee no 2023.

Redacción

Cee dá hoxe comezo ás súas festas patronais, que terán lugar ata o sábado 16 de agosto. Os festexos deste ano serán máis especiais que de costume, xa que, por primeira vez, a Virxe da Xunqueira encabezará a procesión do 15 de agosto como Alcaldesa Perpetua.

A troula comezará esta noite co pregón de Carlos Oliete, exdirector de Ferroatlántica, unha das empresas referenciais da comarca da Costa da Morte. Será na Praza da Constitución ás 21.15 horas.

A continuación, chegará a primeira das verbenas, amenizada polas orquestras La Bamba e Panorama City a partir das 23.00 horas.

Os encargados de poñer a música no día de mañá serán a orquestra Fuego, a disco móbil CDC e unha sesión *remember* na que soarán algúns dos grandes éxitos das décadas dos

Música e tradición na honra da Virxe da Xunqueira

Veciños e visitantes poderán gozar de diversas actuacións para tódolos públicos ata o sábado

90 e 2000 da man dos Djs Rubén Martínez e Rodeiro.

O venres 15, o día grande das celebracións, comezará co pasarrúas a cargo da charanga O Rumbo e, ás 13.30 horas, poderáse gozar dunha sesión vermú coa música da Banda de Música de Cee e a orquestra Atenas. A partir das

17.00 horas, amenizará o ambiente a asociación Rapacollóns e, ás 20.30 h., a Banda de Música de Cee volverá ser protagonista dando un concerto.

Ás 23.00 h. chegará a esperada verbena, na que as orquestras Atenas e Trébol porán o público a bailar. Seguidamente, á medianoite, terá lugar un dos

momentos que máis expectación xera nestas datas: o espectáculo de fogos artificiais.

Para finalizar, o sábado 16, día de San Roque, a festa continuará cun pasarrúas da man da charanga Peta Forte e unha macrosesión vermú a cargo da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, o grupo Elebé 2.0 e a cantante coruñesa Judith Cundíns.

Os máis pequenos tamén se poderán divertir a partir das 17.00 horas coa festa infantil no paseo marítimo e, antes da verbena, a Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla ofrecerá un concerto. Os festexos pecharán coas actuacións do grupo Elebé 2.0 e a orquestra Fania Blanco Show.

Patroa de orixe lendaria

A Virxe da Xunqueira é recoñecida por todos ceenses pola súa fascinante e milagrosa historia. Segundo conta a lenda,

nun día de tempestade, uns mariñeiros estranxeiros estaban listos para emprender a viaxe de volta ao seu país. Non obstante, sentiron unha forza externa a eles que non lles permitía saír do lugar, polo que, ao ver que os seus esforzos non daban froitos, decidiron adentrarse en terra firme. Así, ao poñer un pé no que hoxe coñecemos como Cee, atoparon entre uns xuncos unha imaxe da Virxe co neno en brazos. A partir dese acontecemento, esta pasaría a ser coñecida como a Virxe da Xunqueira ou 'A Aparecida'.

Na honra da patroa espiritual da vila construíuse entre os séculos XIX e XX o Santuario Nosa Señora da Xunqueira. Este erguiuse sobre os restos da antiga igrexa de Santa María de Cee e, o seu legado e a lenda que o envolve, convérteno nun punto que deben visitar todos os que desexen coñecer a espiritualidade, o patrimonio e a historia da Costa da Morte.



981 70 88 02

REFORMA SIN ESCOMBROS Y SIN OBRAS

Rápido Sin polvo Sin licencia de obra Fácil

Placas decorativas - Pavimentos SPC - Pálillería

Desde 29,95€ m²

Desde 14,80€ m²

Desde 10,49€ pz

Recoge en tienda

Recibe en casa

María Lariño Ares

GESTORIA ADMINISTRATIVA

www.gestorialariñoares.com • info@gestorialariñoares.com

Praza dos Xuncos nº 1 - 1º Izd - CEE (A Coruña) • Tlf/Fax: 981 745 898

Ara Solís, 13 - FISTERRA (A Coruña) • Móbil: 628 878 872

Festas da Xunqueira en Cee

Iago Rodríguez

Non fai falta visitar Cuba, México ou a República Dominicana para gozar de praias paradisíacas nas que poder gozar dunhas relaxantes vacacións. En Galicia, existen lugares como a vila costeira de Cee que tamén contan con fermosos refuxios naturais perfectos para desconectar.

Un deles é a ría de Lires, a máis pequena de Galicia. Esta fórmase na desembocadura do río Castro e actúa como fronteira co municipio veciño de Muxía. Así, o seu extenso areal divídese en dous, deixando na parte ceense a pequena praia de Lires, un espazo no que reina a tranquilidade e no que os visitantes poden pasear sobre area branca ou gozar dun baño relaxante nas súas augas cristalinas.

Ademais, esta cala pode cambiar de aparencia en función da marea e, grazas á súa situación e limpeza, pódese apreciar nela un dos solpores máis bonitos da Costa da Morte. Tanto na propia aldea de Lires como na contorna hai varias casas de turismo rural a disposición dos visitantes para que poidan vivir unha experiencia na que o mar e o campo fúndense.

Outra pequena pero acolledora praia no concello ceense é a de Estorde. Os seus 350 metros de area branca en forma de cuncha chaman a atención de todos os que a visitan pola súa beleza e po-

Cee, un paraíso con praias de area branca e auga cristalina

A vila costeira conta con fermosos areais, como o de Lires, que son perfectos para gozar ao máximo do bo tempo e do lecer



CEDIDA

Esta pequena cala é unha das dúas partes que divide a ría de Lires, a máis pequena de Galicia.

la proximidade coa vexetación, que se converte noutra protagonista no areal.

Ademais, é un recuncho ideal para todos os que gustan de visualizar o ceo nocturno, debido a que é un espazo libre de contaminación luminosa que permite observar con todo detalle as estrelas e a fermosura do universo á beira do mar.

Por outra banda, é un dos puntos

Nas praias de Estorde e Gures pódese presenciar o fenómeno do mar de ardora

nos que se pode ver un dos fenómenos máis fascinantes do litoral galego: o mar de ardora. Un suceso que atrae turistas de todas partes que non queren perder un espectáculo no que a auga brilla na escuridade cun ton azul fluorescente, semellante ao das auroras boreais.

Non obstante, esta non é a única parte da costa de Cee na que se pode presenciar, xa que na praia de Gures tamén é posible. Conta coa mesma lonxitude que a anterior, pero acceder a ela é máis complicado porque hai que baixar por un camiño de terra. Sen embargo, é máis axeitada para cando hai días ventosos, algo común na Costa da Morte.

 **xeal**

 **ENERGO-PRO**

COMPROMISO
con **A COSTA DA MORTE**

